

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 26

ano 4

xaneiro-febreiro 2010

PEDRO VENTURA DE PUGA E A LOITA CONTRA OS FRANCESES EN 1810


Continuando a serie iniciada hai dous anos, dedícase este número de *Fron da* a lembrar algúns dos sucesos da Guerra da Independencia acontecidos durante 1810. Este é o ano mellor representado documentalmente no AHPOu para o estudo deste tema xa que se conserva unha caixa enteira coas comunicacións entre a Xunta Superior do Reino de Galicia e a **Xunta Provincial de Ourense** (C-130) e algúns outros documentos inseridos no fondo **Marqueses de Leis** (C-9706) e no fondo do **Concello de Ourense** (C-291).

O fidalgo ourensán **Pedro Ventura de Puga**, para quen 1810 foi especialmente intenso, guiáranos por algúns dos escenarios máis significativos deses feitos acaecidos hai 200 anos. Da súa man poderemos achegarnos ás actividades da **Xunta Superior de Galicia**, da que foi vogal e secretario, visitar algúns puntos da fronte e viaxar a Inglaterra en busca de axuda para as tropas españolas.

No desempeño destas tarefas de retagarda, Puga xerou unha serie de documentos que debeu considerar persoais, o que explicaría que ficaran no seu arquivo familiar, hoxe englobado no dos seus sucesores, os marqueses de Leis. Algúns son relativos á mencionada **viaxe a Inglaterra**, como o pasaporte ou salvoconduto que protagoniza este número de *Fron da* e no que se lle autoriza desprazarse a Londres desde Plymouth, porto no que estaba atracada a fragata *Ifigenia* na que se trasladara á illa dende Galicia.

Entre estes papeis tamén se atopan os que fan referencia a outras encomendas da Xunta Superior, como a **misión no Bierzo e Sanabria** para fornecer ás tropas, ou como **inspector de alarmas** da provincia de Ourense. Todos estes labores veñen reflectidos con moito detalle na **correspondencia** que Puga mantivo coa Xunta Superior mentres os executou e que logo gardou, incluíndo tanto as cartas recibidas como os borradores das misivas que el remitía, o que permite coñecer pormenorizada-mente as xestións que realizou.

Máis alá da súa participación nos sucesos da guerra, Pedro Ventura de Puga tamén nos deixou suficiente rastro documental para coñecer outras actividades que desenvolveu ao longo do seu dilatado periplo vital (deputado, comisario de millóns, membro de distintas comisións para a mellora agrícola e gandeira da provincia de Ourense, etc.) e que lle suscitaron algúns escritos de madurez nos que propón reformas para mellorar a situación económica de Galicia e dos que tamén se conservan os borradores no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.



1810, febreiro, 20. Plymouth.


Pasaporte para extranxeiros expedido a favor de Pedro Ventura de Puga para viaxar do porto de Plymouth a Londres.

Original; papel; escritura humanística; inglés; 1 fol.; 210 x 330 mm. AHPOu, Concello de Ourense, C. 291.

Un fidalgo ourensán

Pedro Ventura de Puga (1775-1866) representa o paradigma do nobre galego que se adaptou con éxito ao réxime liberal. A diferenza de tantos fidalgos notálxicos do **Absolutismo**, non se aliñou co carlismo tras a implantación definitiva do **Estado Liberal** na década de 1830, senón que se integrou nas filas do liberalismo moderado, foi membro das Cortes españolas e ocupou distintos cargos públicos ata o final da súa dilatada existencia.

Señor do pazo de Fontefiz, a súa residencia máis habitual no actual Concello de Coles, exerceu de **fidalgo rural** administrando as rendas agrarias dun extenso patrimonio; pero tamén foi un persoeiro na cidade de Ourense onde gozou dunha **rexeduría perpetua** no Concello e a onde trasladou o seu domicilio nos seus últimos anos de vida.



Oficio remitido á Xunta Provincial de Ourense pola Xunta Superior de Galicia, da que Puga era secretario en novembro de 1810.

As Xuntas de Defensa en 1810

Puga iniciou a súa andaina política en 1808 como vogal da Xunta Provincial que se constituíra en Ourense tras o levantamento popular contra a ocupación francesa e os fusilamentos do 2 de maio. Igual que a **Xunta Suprema de Galicia**, a ourensá suspendeu a súa actividade en xaneiro de 1809, despois da entrada dos franceses en territorio galego. Até un ano despois non se crea un organismo de similares competencias: a **Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa de Galicia** que, a diferenza da súa predecesora, xa non é soberana senón que depende da **Xunta Central Suprema do Reino**, máximo órgano político da loita antifrancesa. Tamén se limitan as súas funcións á obtención de recursos económicos, armamento e soldados para a

nación coas xuntas locais. Presidida polo Capitán Xeneral de Galicia, estaba integrada por delegados das sete provincias así como de distintas institucións e sectores sociais. A **Xunta de Ourense** enviou como representantes a Pedro Ventura de Puga e a Juan Quiroga e Uría. Como pode verse no documento, o primeiro exerceu o cargo de secretario durante uns meses e permaneceu como vogal ata xaneiro de 1812, cando a Xunta Superior era xa inoperante.

A principios de 1810 tamén se convocaron eleccións para elixir os deputados que integrarían as **Cortes** que redactarán en **Cádiz** a primeira **constitución española**. Nas eleccións para os catro representantes por Ourense, Puga saíu elixido deputado suplente.

A viaxe a Inglaterra e outras encomendas da Xunta Superior

Entre outras medidas destinadas a aprovisionar ao exército, a Xunta Superior comisionou a Puga e a **José Connock** para que se desprazasen a Inglaterra co fin de adquirir armamento. En febreiro de 1810 arribaron a Plymouth, pero pasaron case dous meses sen comunicación coa Xunta Superior de Galicia debido ás tensións políticas entre esta e o recién constituído **Consello de Rexencia**, que substituíu á Xunta Central. Isto atrasou as negociacións co goberno británico e prolongou máis do esperado a estancia dos comisionados nese “nebuloso país”, como di Puga. Resoltos estes problemas, a finais de maio saíron de Londres rumbo á Coruña con munición por valor de 42.597 libras esterlinas, e armas doadas polos británicos.

En agosto de 1810, despois de que o xefe da división do **exército destacado en Lubián**, -mariscal Tavoada y Gil- solicitase urxente axuda para a subsistencia da tropa “que se halla absolutamente sin medios”, a Xunta Superior comisionou de novo a Pedro Ventura de Puga para que a fornecese e crease unha rede de **hospitais** “para atender a las necesidades de aquellas tropas, y las de la gente de la Alarma”. Puga viaxou ao Bierzo, recorreu o sueste de Galicia e cun reducido orzamento conseguiu comprar gran en Castela e crear senllos hospitais en Verín e no mosteiro de San Martín de Castañeda para os soldados enfermos ou feridos no fronte.

A finais de 1810 a Xunta Superior nomeouno **inspector de alarmas** de Ourense para que neutralizase unha suposta conspiración urdida por varios xefes de alarmas da provincia.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereá. Imaxes: Amalia Castro Dacosta.
D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491